

Novas CTNL

Boletín da Coordinadora de Traballadores de Normalización Lingüística

Número 2

Santiago de Compostela, febreiro, 1997

Edición: CTNL

Redacción: CTNL

Coordinación: CTNL

Será o primeiro organizado pola CTNL Curso sobre dinamización lingüística

No vindeiro mes de marzo terá lugar en Santiago de Compostela o primeiro curso do plano de formación da CTNL. Trátase dun curso sobre dinamización lingüística impartido por especialistas que traballan na extensión do uso da lingua en diversos eidos e desde diferentes perspectivas.

Entre os obxectivos do curso cónstanse situar teoricamente a dinamización lingüística dentro da planificación e coñecer, na medida do posible, as ferramentas que o técnico en normalización pode empregar no seu labor cotián.

O programa do curso será o seguinte:

- 1 O concepto de dinamización lingüística.
 - 1.1 Delimitación da dinamización dentro da planificación lingüística
 - 1.2 Dinamización cultural / dinamización lingüística.
- 2 O medio. Accións segundo os obxectivos marcados e o tipo de organización.
- 3 As ferramentas da dinamización
- 4 A dinamización dentro do programa de normalización da organización.

Outras informacions ó respectivo son:

Lugar: Centro Social de Vite. Biblioteca. Rúa Carlos Maside, s/n Santiago.

Duración: 15 horas

Calendario:

- **22 de marzo (10 a 14 h.)**
Daniel Romero, da empresa item:)aga
- Agustín Fdez. Paz, Coordinador Docente de Galego.
- **5 de abril (10 a 14 h.)**
Manuel N. Singala, do Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.
- Xosé Manuel Sarille, da Mesa pola Normalización Lingüística.

- **12 de abril (10 a 14 h. e 17 a 20 h.)**
Toni Mataix e Assumpta Escolá do Centro de Barcelona do Consorci per a la Normalització Lingüística.

Cotas:

Socios..... 7.000 pts.
Parados e estudiantes 5.000 p.
Non socios..... 10.000 pts.

Número de prazas: 45

Prazo de inscrición: do 17 ó 27 de febreiro.

O curso conta co apoio académico do Departamento de Galego da Universidade de Santiago de Compostela, o que quedará reflectido nos correspondentes diplomas que se expedirán ó final do curso.

As prazas reservaranse por rigorosa orde de chegada dos boletíns de inscrición, tendo en conta sempre a seguinte prelación:

- 1 Socios da CTNL
- 2 Outros traballadores de SS.LL.
- 3 Outras persoas interesadas

As persoas admitidas no curso serán informadas telefonicamente deste feito, así como da maniera de faceren efectivo o pagamento da cota correspondente.

Sumario

Curso de dinamización	1
Voc de Economía	2
Coordinadora de equipos de normalización	2
Diccionario Galego-bretón	2
Boletín Llengua i Us	3
Diccionario Ortográfico	3
Renov. xunta directiva	3
Concello da Estrada	4
Axudas económicas	4

Vocabulario de termos económicos

O Departamento de Normalización Lingüística da CEG (Confederación de Empresarios de Galicia) ten elaborado un Vocabulario de termos económicos e empresariais galego-castelán-inglés, que nestes momentos está pendente de publicación.

Arestora está elaborando un Manual de Galego Comercial en colaboración co departamento de Normalización Lingüística da Deputación Foral de Navarra, integrado nun proxecto europeo de axudas a linguas minoritarias. Consta dun libro e dun disquete e pretende ser unha guía práctica para a aprendizaxe e o uso en calquera empresa. O libro leva basicamente a parte didáctica (tipos de documentos, características, exercicios, exemplos...) e no disquete van os esquemas de documentos comerciais más usados para que se poidan importar e traballar directamente con eles. Tenta ensinar e facilitar traballo.

Se alguéun ten ideas, ou pode contribuír con calquera documentación válida para o manual (exemplos de documentos, referencias de traballos, artigos, publicacións... feitos ó respecto) pode poñerse en contacto con:

Valentina Formoso.

Confederación de Empresarios de Galicia.

Rúa do Vilar, 54,
Santiago de Compostela
Tfno: 56 06 99 ,os luns ou
mércores de mañá. 

Creada unha coordinadora de equipos de normalización no ensino medio

O día 30 de novembro celebrouse en Santiago de Compostela, a iniciativa da CIG-Ensino e da AS-PG, o *I Encontro de Equipas de Normalización Lingüística*, ó que acudiron preto dun centenar de representantes dos diferentes centros de ensino de Galicia.

A primeira parte do Encontro dedicouse á exposición de experiencias normalizadoras dunha decena de centros e a segunda ó debate de propostas de actuación e coordinación dos equipos de normalización.


As conclusóns tiradas pódense sintetizar nos seguintes puntos:

- Necesidade de incidir ó máximo nas formas de lograr que o maior número de profesores e profesoras dean as clases en galego.

- Constatación de que realización de actividades culturais, festivas, extraacadémicas... axuda a crear un ambiente galeguizador.

- Necesidade dunha mínima coordinación dos ENL, co fin de planificar o traballo e rendibilizar mellor os esforzos.

Con respecto a este último punto, informamos de que se está a proceder á constitución de diversas coordinadoras comarcais e mais dunha *Coordinadora Nacional de Equipas de Normalización Lingüística*, a cal vai planificar parte do traballo dos ENL para este curso. O seu enderezo é: rúa Laracha 9, baixo, (15010) A Coruña, teléfono (981) 278259. 



Diccionario galego-bretón

O Servij ar Brezhoneg da Skol -Uhel ar Vro acaba de editar o *Diccionario Básico Español-Bretón Geriadur Diazez Brezhoneg-Spagnoleg*, que consta de 4.000 entradas.

Entre os próximos proxectos do Servij ar Brezhoneg está a elaboración de diccionarios semellantes de bretón-catalán, vasco e galego, polo que estende unha invitación a aqueles ou aquellas inte-

resados en participaren nesta iniciativa.

Para máis información dirixídevos ó seguinte enderezo:

Servij ar Brezhoneg

Skol -Uhel ar Vro

1 straed Raoul Ponchon 35069
cedex

Breizh/Bretaña

Francia

Tel.: 02 99 87 58 00 


Publicado o número sete do boletín *Llengua i Us*

A finais de 1994 aparecía o primeiro número de *Llengua i Us*, revista que nacía “coa vontade de servir de instrumento de comunicación” entre tódolos técnicos das redes de servicios lingüísticos de Cataluña, e que desde aquela —xa van alá sete números— edita a Direcció de Política Lingüística da Generalitat catalana cada cuadrimestre.

A revista quere contribuír ó proceso de integración e desenvolvemento profesional de tódolos técnicos de planificación lingüística, razón pola cal presta atención conxunta tanto á planificación do corpus como á do estatus. A revista estructúrase en catro seccións que pretenden dar

conta das funcións básicas dun planificador: a) Programas e dinamización, b) asesoramento e terminoloxía, c) didáctica, e d) sociolingüística. Ademais mantién apartados destinados á publicidade das novidades bibliográficas que se producen no ámbito da planificación, ó comentario de materiais e á publicación de novas e anuncios de interese (congresos, xornadas, conferencias, subvencións, premios...)

Llengua i Us é unha revista de grande interese para cantos, aquí en Galicia, traballamos en servicios lingüísticos; os interesados podedes consultala no Arquivo de Planificación do Consello da Cultura. 



Presentamos unha nova ferramenta para o traballo dos servicios lingüísticos que pode servir, ademais, para recomendar ós usuarios do galego que se preocupan por mellorar a calidade dos seus textos; trátase do *Dic-*

cionario de ortografía da lingua galega editado por Fontel Ediciones. Esta obra, de Benjamín Dosil López e Xesús Riveiro Costa, describe, baixo entradas que corresponden a conceptos da ortografía, ordenadas alfabeticamente, os usos ortográficos máis comuns con exemplos concretos. Non descoidan ningún dos niveis da lingua, desde a letra ata o texto, ofrecéndonos de xeito claro e accesible todas as regras que manexabamos de cote pero que non aparecían recollidas e sistematizadas nun texto de tan doada consulta. Os artigos más amplos contan, mesmo, cun esquema inicial dos aspectos tratados para facilitar unha busca rápida. Tamén son frecuentes os cadros e listas de palabras que axudan a converter o diccionario nun manual ágil e imprescindible. 

Renovación da Xunta Directiva

Na pasada asemblea xeral da CTNL, que se celebrou o pasado día dezaseis de novembro de mil novecentos noventa e seis, procedeu á renovación da Xunta Directiva, que pasa a estar formada polas seguintes persoas:

- Valentín García (presidente)
- M^a Xosé Quintáns (secretaria)
- Carme Nogueira (tesoureira)
- Pilar Faxil
- Valentina Formoso
- Socorro García
- Susana Mayo
- Gabriel Rei
- Isabel Vaquero

Por outra banda, lembramos que os labores da CTNL, en directa relación co estipulado nos nosos Estatutos, se desenvolven en comisións, co obxecto de axilizalos e promove-la maior participación. As comisións que agora mesmo están funcionando son as seguintes:

- comisión de formación e cursos
- comisión de traduccións e bibliografía
- comisión de visitas
- comisión de estudio da situación dos servicios.

As persoas interesadas en participar non teñen máis que porse en contacto coa Xunta Directiva, que lles fornecerá toda a información que se lle solicite.

Nas próximas semanas cobrárasevo-la cota correspondente ó ano 1996. 

Sexta edición dos Premios San Martiño do Concello da Estrada

O pasado mes de decembro ti-vo lugar na Estrada a entrega da 6ª edición dos Premios *San Martiño*, convocatoria realizada polo Servicio de Normalización Lin-güística do concello da Estrada. Estas distincións de carácter ho-norífico teñen como obxectivo salientar o papel a prol da nor-malización lingüística do galego de diferentes entidades e persoas.

Os Premios *San Martiño* diví-dense en tres modalidades. A pri-meira delas distingue entidades ou persoas que destaqueñ pola súa actividade en favor do uso do galego na comarca de Taveirós-Terra de Montes. Esta 6ª edición o galardón recaeua na empresa constructora BAMARTI. O pre-mio na segunda modalidade, que destaca o labor de normalización da lingua no ámbito galego, foi para o Mago Antón. No que toca á terceira das modalidades, que

recoñece o traballo de anos en fa-vor da lingua e da cultura do no-so país, este ano o premio corres-pondeulle a Antón Fraguas, di-rector do Museo do Pobo Galego e cronista oficial do Reino de Ga-licia.

Servicio de Normalización

Canda esta nova, aproveita-mos para dar conta da creación dunha praza estable de técnico de normalización lingüística no con-celio da Estrada. Concluído o proceso de selección para a dita praza, esta ocuparaa Valentín García Gómez.

O enderezo do SNL do conce-lllo da Estrada é o que atopades a seguir:

Casa do Concello, praza da constitución nº 1, (36680) A Es-trada.

Teléfono: (986) 570328. 

Axudas económicas

No Diario Oficial de Galicia do pasado 30 de xaneiro sae publi-cada a Orde do 3 de xaneiro de 1997 pola que se regula a con-cepción de subvencións a asocia-cións e institucións sen fin de lu-cro para a realización de activi-dades de promoción da lingua ga-lega.

As axudas diríxense especial-mente á organización de congresos, xornadas e simposios que teñan como finalidade principal a promoción da lingua galega. A contía máxima total é de 79.000.000 de pts. e cada sub-venCIÓN solicitada non poderá supera-los catro millóns de pese-tas.

A CTNL é unha das solictan-tes das presentes axudas, que ser-virán para financia-lo programa de cursos do que iremos dando información e sobre o que, neste número, tes unha boa mostra. 



Folla de inscrición

Curso de Dinamización Lingüística

Apelidos:

Nome:

DNI:

Teléfono de contacto:

Empresa ou institución:

Modalidade de matrícula

- Socio (7.000 pts.)
- Estudiante ou parado (5.000 pts.)
- Non socio (10.000 pts.)

_____, ____ de febreiro de 1997

(sinatura)

Enviar a: CTNL. Rúa da Ponte Pequena, 1,3º, Santiago de Compostela